XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Unión Europea-NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

Xacobeo 21·22

Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

CSPEA05

# Filosofía e cidadanía

Filosofía e cidadanía

# 1. Formato da proba

## Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,10 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

## Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.

# 2. Exercicio

## 1. Cal é o nome que recibe a rama da filosofía que estuda o coñecemento?

*¿Cuál es el nombre que recibe la rama de la filosofía que estudia el conocimiento?*

**A** Gnoseoloxía.
*Gnoseología.*

**B** Metafísica.
*Metafísica.*

**C** Lóxica.
*Lógica.*

## 2. Que é a escolástica?

*¿Qué es la escolástica?*

**A** É a filosofía que se desenvolveu nas escolas gregas nos séculos IV e V.
*Es la filosofía que se desarrolló en las escuelas griegas en los siglos IV y V.*

**B** É a filosofía que se desenvolveu nas escolas medievais nos séculos XI e XV.
*Es la filosofía que se desarrolló en las escuelas medievales en los siglos XI y XV.*

**C** É a filosofía propia da escola existencialista fundada por J. P. Sartre.
*Es la filosofía propia de la escuela existencialista fundada por J. P. Sartre.*

## 3. Dentro das funcións cognitivas do ser humano, que tipo de memoria ten a duración máis breve?

*Dentro de las funciones cognitivas del ser humano, ¿qué tipo de memoria tiene la duración más breve?*

**A** Memoria sensorial.
*Memoria sensorial.*

**B** Memoria a curto prazo.
*Memoria a corto plazo.*

**C** Memoria diferida.
*Memoria diferida.*

## 4. Que especie corresponde aos seres humanos actuais?

*¿Qué especie corresponde a los seres humanos actuales?*

**A** Homo erectus.

**B** Homo habilis.

**C** Homo sapiens.

## 5. Dentro do proceso da evolución, a quen pertence o postulado: "A función crea o órgano"?

*Dentro del proceso de la evolución, ¿a quién pertenece el postulado: "La función crea al órgano"?*

**A** Charles Darwin.

**B** Julian Huxley.

**C** Jean-Baptiste Lamarck.

## 6. Cal das seguintes afirmacións está relacionada con que o ser humano sexa un animal bípede?

*¿Cuál de las siguientes afirmaciones está relacionada con que el ser humano sea un animal bípedo?*

**A** A liberación das mans para funcións non locomotoras, como a fabricación de utensilios.
*La liberación de las manos para funciones no locomotoras, como la fabricación de utensilios.*

**B** O aumento de estatura e peso, así como maior resistencia á fatiga.
*El aumento de estatura e peso, así como mayor resistencia a la fatiga.*

**C** O poder desprazarse con maior rapidez en espazos abertos.
*El poder desplazarse con mayor rapidez en espacios abiertos.*

## 7. Cal é un dos obxectos fundamentais da "ontoloxía"?

*¿Cuál es uno de los objetos fundamentales de la "ontología"?*

**A** A ciencia.
*La ciencia.*

**B** O ser.
*El ser.*

**C** O ser humano.
*El ser humano.*

## 8. Que se entende por "determinismo cosmolóxico"?

*¿Qué se entiende por "determinismo cosmológico"?*

**A** O cosmos está suxeito a movementos que se poden predicir.
*El cosmos está sujeto a movimientos que se pueden predecir.*

**B** O cosmos está suxeito a movementos que non se poden predicir.
*El cosmos está sujeto a movimientos que no se pueden predecir.*

**C** O cosmos ten as mesmas propiedades en todos os lugares.
*El cosmos tiene las mismas propiedades en todos los lugares.*

## 9. Cales son os fundamentos básicos de toda acción moral?

*¿Cuáles son los fundamentos básicos de toda acción moral?*

**A** A liberdade e a responsabilidade.
*La libertad y la responsabilidad .*

**B** Os valores e as virtudes.
*Los valores y las virtudes.*

**C** A liberdade e a crenza.
*La libertad y la creencia.*

## 10. Cal é a única fonte válida para os empiristas?

*¿Cuál es la única fuente válida para los empiristas?*

**A** Os sentidos.
*Los sentidos.*

**B** A experiencia.
*La experiencia.*

**C** A razón.
*La razón.*

## 11. Dentro do coñecemento científico, de que se ocupan as ciencias formais?

*Dentro del conocimiento científico, ¿de qué se ocupan las ciencias formales?*

**A** Da física, química e bioloxía.
*De la física, química y biología.*

**B** Da historia, socioloxía e psicoloxía.
*De la historia, sociología y psicología.*

**C** De obxectos abstractos.
*De objectos abstractos.*

## 12. Cal é a diferenza entre a indución e a dedución?

*¿Cuál es la diferencia entre la inducción y la deducción?*

**A** A indución vai do particular ao xeral e a dedución do xeral ao particular.
*La inducción va de lo particular a lo general y la deducción de lo general a lo particular.*

**B** A indución vai do xeral ao particular e a dedución do particular ao xeral.
*La inducción va de lo general a lo particular y la deducción de lo particular a lo general.*

**C** A indución emprega a intuición e a dedución emprega a razón.
*La inducción emplea la intuición y la deducción emplea la razón.*

## 13. Dentro da antropoloxía biolóxica, quen descubriu as leis da herdanza?

*Dentro de la antropología biológica, ¿quién descubrió las leyes de la herencia?*

**A** Gregor Mendel.

**B** Jean-Baptiste Lamarck.

**C** Charles Darwin.

## 14. Dentro da teoría antropolóxica, que entende Karl Marx por "alienación"?

*Dentro de la teoría antropológica, ¿qué entiende Karl Marx por "alienación"?*

**A** O proceso de estrañamento característico do suxeito na sociedade capitalista.
*El proceso de extrañamiento característico del sujeto en la sociedad capitalista.*

**B** A capacidade de transformar creativamente a realidade mediante o traballo.
*La capacidad de transformar creativamente la realidad mediante el trabajo.*

**C** A relación dos empresarios cos traballadores.
*La relación de los empresarios con los trabajadores.*

## 15. Sobre que trata a rama da filosofía denominada "lóxica"?

*¿Sobre qué trata la rama de la filosofía denominada "lógica"?*

**A** Sobre o contido dos razoamentos.
*Sobre el contenido de los razonamientos.*

**B** Sobre a veracidade das nosas afirmacións.
*Sobre la veracidad de nuestras afirmaciones.*

**C** Sobre a validez dos nosos razoamentos.
*Sobre la validez de nuestros razonamientos.*

## 16. Dentro da linguaxe da lóxica simbólica, que se entende por "tautoloxía"?

*Dentro del lenguaje de la lógica simbólica, ¿qué se entiende por "tautología"?*

**A** Unha proposición que pode ser verdadeira ou falsa.
*Una proposición que puede ser verdadera o falsa.*

**B** Unha proposición que sempre é falsa.
*Una proposición que siempre es falsa.*

**C** Unha proposición que sempre é verdadeira.
*Una proposición que siempre es verdadera.*

## 17. Dentro da Política, que formas de goberno considera xustas Aristóteles?

*Dentro de la Política, ¿qué formas de gobierno considera justas Aristóteles?*

**A** Oligarquía e aristocracia.
*Oligarquía y aristocracia.*

**B** Oligarquía e demagoxia.
*Oligarquía y demagogia.*

**C** Monarquía e aristocracia.
*Monarquía y aristocracia.*

## 18. Que ética está máis centrada na "realización do deber"?

*¿Qué ética está más centrada en la "realización del deber"?*

**A** Ética teleolóxica.
*Ética teleológica.*

**B** Ética deontolóxica.
*Ética deontológica.*

**C** Ética dialóxica.
*Ética dialógica.*

## 19. Dentro do poder da palabra, que diferenza existe entre retórica e dialéctica?

*Dentro del poder de la palabra, ¿qué diferencia existe entre retórica y dialéctica?*

**A** A dialéctica busca persuadir e a retórica convencer.
*La dialéctica busca persuadir y la retórica convencer.*

**B** A retórica busca persuadir e a dialéctica convencer.
*La retórica busca persuadir y a dialéctica convencer.*

**C** Non existen diferenzas entre retórica e dialéctica.
*No existen diferencias entre retórica y dialéctica.*

## 20. Dentro da filosofía política, que autor considera que "o home é un lobo para o home"?

*Dentro de la filosofía política, ¿qué autor considera que "el hombre es un lobo para el home"?*

**A** Thomas Hobbes.

**B** John Locke.

**C** Jean-Jacques Rousseau.

## 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | X | | | |
| 2 | | X | | |
| 3 | X | | | |
| 4 | | | X | |
| 5 | | | X | |
| 6 | X | | | |
| 7 | | X | | |
| 8 | X | | | |
| 9 | X | | | |
| 10 | | X | | |
| 11 | | | X | |
| 12 | X | | | |
| 13 | X | | | |
| 14 | X | | | |
| 15 | | | X | |
| 16 | | | X | |
| 17 | | | X | |
| 18 | | X | | |
| 19 | | X | | |
| 20 | X | | | |
| N.º de respostas correctas (C) | | | | |
| N.º de respostas incorrectas (Z) | | | | |
| Puntuación do test= C×0,5-Z×0,10 | | | | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,10 puntos.**
**As respostas en branco non descontarán puntuación.**